



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.

**Categoría: Produtor/a
Primeiro exercicio
Opción: Galego**

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o artigo 17.4 da Constitución Española, o prazo máximo de duración da prisión provisional:

- a) Non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das indagacións tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial.
- b) Determinarase por lei.
- c) Non poderá durar máis de setenta e dúas horas.
- d) Non poderá durar máis de sesenta e dúas horas.

2.- De acordo co artigo 21 da Constitución Española, nos casos de reunión en lugares de tránsito público e manifestacións:

- a) Necesitarán autorización previa.
- b) Daráselle comunicación previa á autoridade.
- c) Necesitarán autorización xudicial.
- d) Daráselle comunicación previa ao poder xudicial.

3.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, en materia de artesanía correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega:

- a) A competencia exclusiva.
- b) A execución da lexislación do Estado
- c) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado.
- d) O desenvolvemento lexislativo da lexislación do Estado.

4.- Segundo o artigo 36 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma Galega poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas no Estatuto de Autonomía para Galicia. A competencia para formular as anteriores solicitudes correspóndelle:

- a) Á Xunta de Galicia.
- b) Ao Presidente da Xunta de Galicia.
- c) Ao Consello da Xunta.
- d) Ao Parlamento de Galicia.

5.- Segundo o artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, entenderase por servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición ou televisivo non lineal:

- a) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado de programas e contidos audiovisuais no momento elixido polo espectador e á súa propia petición sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.
- b) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado simultáneo de programas e contidos audiovisuais sobre a base dun horario de programación.
- c) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para a audición simultánea de programas e contidos radiofónicos ou sonoros sobre a base dun horario de programación mediante calquera soporte tecnolóxico.
- d) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para a audición de programas e contidos radiofónicos ou sonoros no momento elixido polo oínte e á súa propia petición sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.

6.- Segundo o artigo 15 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, a autoridade audiovisual competente promoverá o uso da autorregulación e a corregulación previstas nos dous artigos anteriores mediante a adopción voluntaria de :

- a) Convenios colectivos.
- b) Acordos sectoriais.
- c) Códigos de conduta.
- d) Acordos de colaboración.

7.- Segundo o establecido no artigo 2 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, acórdase a prestación do servizo público de comunicación audiovisual en réxime de:

- a) Xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).
- b) Xestión indirecta, a través dos medios privados do sector audiovisual de Galicia.
- c) Xestión colaborativa, a través dos medios públicos e privados do sector audiovisual de Galicia.
- d) Xestión mixta, a través dos medios públicos e privados do sector audiovisual de Galicia e dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

8.- Segundo o establecido no artigo 8 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a quen lle corresponde o control do cumprimento do réxime especial das normas electorais durante os procesos electorais:

- a) Á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Ao Consello Asesor Social e Profesional.
- c) Ao Consello de Administración da CSAG.
- d) Á Xunta Electoral competente.

9.- Segundo o establecido no artigo 28 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, cal dos seguintes NON é un motivo de cese das persoas membros do Consello de Administración da CSAG:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.
- b) Renuncia expresa notificada formalmente ao Parlamento de Galicia.
- c) Defunción.
- d) Incompatibilidade sobrevida.

10.- Segundo o establecido no artigo 51 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a financiación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia baséase:

- a) Nun sistema cooperativo.
- b) Nun sistema de financiación propia exclusivamente.
- c) Nun sistema colaborativo.
- d) Nun sistema mixto.

11.- Segundo o establecido no artigo 59 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a quen lle corresponde o control periódico da financiación pública que recibe a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia:

- a) Ao Consello de Contas.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Ás empresas auditoras nomeadas por lei para os efectos.
- d) Á Consellería da Xunta de Galicia á que estea adscrita.

12.- Segundo o artigo 5 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, contribuír á mellora da produtividade :

- a) É un dereito dos traballadores.
- b) É un deber básico dos traballadores.
- c) É unha opción para o traballador que dará lugar en todo caso a unha retribución adicional.
- d) É un deber do empresario.

13.- Segundo o artigo 14.3 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, as situacións de incapacidade temporal, que afecten á persoa traballadora durante o período de proba:

- a) Non interrompen o cómputo do período de proba.
- b) Sempre interrompen o cómputo do período de proba.
- c) Poderán interromper o período de proba se así o decide o empregador.
- d) Interrompen o cómputo do período de proba sempre que se produza acordo entre ambas as partes.

14.- Segundo o artigo 3.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nos centros e establecementos militares:

- a) Non será de aplicación a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- b) Será de aplicación o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, coas particularidades previstas na súa normativa específica.
- c) Adaptaranse á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aquelas actividades cuxas características xustifiquen unha regulación especial.
- d) Será de aplicación a Lei 32/1995, do 9 de novembro, de prevención de riscos laborais nos centros e establecementos militares.

15.- Segundo o artigo 15.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde:

- a) No momento de contratar aos traballadores.
- b) No momento de encomendarlles as tarefas.
- c) No momento da sinatura do contrato de traballo.
- d) No momento de realizar á avaliación do desempeño.

16.- Segundo o establecido no artigo 1 do Convenio Colectivo da Corporación SAG, a que colectivo se lle aplica a regulación desa norma convencional?:

- a) Persoal que teña asinado un contrato de alta dirección.
- b) Persoal que teña asinado un contrato artístico.
- c) Persoal laboral que ocupe unha praza do cadro de persoal.
- d) Aplícase a todo o persoal que presta servizos na corporación sen excepcións.

17.- Segundo o establecido no artigo 35 do Convenio Colectivo da Corporación considérase período nocturno, a efectos retributivos, o comprendido entre:

- a) As 21:00 h e as 07:00 h do día seguinte.
- b) As 22:00 h e as 08:00 h do día seguinte.
- c) Non se regula a efectos retributivos ningún período específico.
- d) As 22:00 h e as 07:00 h do día seguinte.

18.- Segundo o establecido no artigo 67 do Convenio Colectivo da Corporación, como se denomina o complemento que retribúe a prestación da imaxe á Televisión de Galicia?:

- a) Complemento de pantalla.
- b) Complemento de imaxe.
- c) Complemento de nivel.
- d) Non existe retribución polo feito de prestar a imaxe en ningún caso.

19.- Segundo o establecido no artigo 2 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto polo que se regula a relación laboral especial dos/as artistas en espectáculos públicos, quen pode autorizar excepcionalmente a participación de menores de dezaseis anos en espectáculos públicos:

- a) A autoridade laboral.
- b) Os Servizos Comúns da Seguridade Social.
- c) Non se require autorización específica para estes efectos, unicamente unha comunicación motivada.
- d) A fiscalía de menores competente por territorio.

20.- Segundo o establecido no artigo 9 do Real Decreto 1435/1985, do 1 de agosto polo que se regula a relación laboral especial dos/as artistas en espectáculos públicos, estes terán dereito a unhas vacacións anuais:

- a) Non retribuídas de trinta días naturais como mínimo.
- b) Retribuídas de trinta días naturais como mínimo.
- c) Non retribuídas de corenta días naturais como mínimo.
- d) Retribuídas de vinte días naturais como mínimo.

21.- Segundo o primeiro parágrafo do artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, os que accedan por calquera título a un novo posto do sector público que conforme esta lei resulte incompatible co que viñesen desempeñando haberán de optar por un deles dentro do prazo:

- a) De quince días desde que accedan ao novo posto.
- b) De toma de posesión.
- c) Dos tres primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Dos cinco primeiros días do prazo de toma de posesión.

22.- Segundo o artigo 13 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lle autorizou a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos sexa:

- a) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas, salvo autorización expresa.
- b) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado.
- c) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas.
- d) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado, salvo autorización expresa.

23.- Segundo o artigo 7 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada:

- a) Nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- b) Nun 35 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- c) Nun 40 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- d) Nun 45 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

24.- Segundo o artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito así como os seus herdeiros poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar:

- a) Exclusivamente o acceso aos datos privados do falecido.
- b) Exclusivamente a rectificación dos datos do falecido.
- c) Exclusivamente a supresión dos datos do falecido.
- d) O acceso aos datos persoais do falecido e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión.

25.- Segundo o artigo 6.3 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) Poderá supeditarse a execución do contrato a que o afectado consinta o tratamento dos datos persoais para finalidades que non garden relación co mantemento, desenvolvemento ou control da relación contractual.
- b) Non poderá supeditarse a execución do contrato a que o afectado consinta o tratamento dos datos públicos para finalidades que garden relación co mantemento, desenvolvemento ou control da relación contractual.
- c) Non poderá supeditarse a execución do contrato a que o afectado consinta o tratamento dos datos persoais para finalidades que non garden relación co mantemento, desenvolvemento ou control da relación contractual.
- d) Poderá supeditarse a execución do contrato a que o afectado consinta o tratamento de todos os seus datos persoais, garden ou non relación co mantemento, desenvolvemento ou control da relación contractual.

26.- Segundo o artigo 12.6 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os titulares da patria potestade poderán exercer os dereitos de acceso, en nome e representación:

- a) Dos menores de quince anos.
- b) Dos menores de catorce anos.
- c) Dos menores de dezaseis anos.
- d) Dos menores de dezoito anos.

27.- Segundo o artigo 94.1 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, toda persoa ten dereito a que sexan suprimidos os datos persoais que facilitase para a súa publicación por servizos de redes sociais e servizos da sociedade da información equivalentes:

- a) Previa acreditación dun interese lexítimo.
- b) Á súa simple solicitude.
- c) Previo pago da taxa correspondente.
- d) Previa resolución xudicial.

28.- Segundo o establecido no artigo 2 da lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia actúa:

- a) Con personalidade xurídica única.
- b) Con personalidade xurídica propia.
- c) Sen personalidade xurídica única.
- d) Sen personalidade xurídica propia.

29.- Segundo o establecido no apartado a) do artigo 45 da lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, cal das seguintes NON se atopa clasificada como unha entidade pública instrumental:

- a) Organismo Autónomo.
- b) Fundación do sector público autonómico.
- c) Entidade pública empresarial.
- d) Consorcio autonómico.

30.- Segundo o establecido no artigo 1 da lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cal dos seguintes NON é un obxecto da dita lei:

- a) Regular os órganos competentes en materia de igualdade no ámbito da Administración Xeral do Estado e o sector público estatal.
- b) Establecer garantías institucionais adicionais para a defensa e promoción dos dereitos de igualdade de xénero, atribuíndo competencias específicas ao Valedor do Pobo.
- c) Considerar especificamente as singularidades das mulleres rurais e do mar e regular ao efecto o seu estatuto e o Observatorio da Muller Rural e do Mar.
- d) Todos os anteriores son obxecto da lei.

31.- Segundo o establecido no artigo 18 da lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia o conxunto de construcións sociais, educativas e culturais dos roles, rasgos das personalidade, actitudes, actividades, comportamentos, valores, aparencia externa, imaxe ou expectativas sociais que se asocian ou atribúen de forma diferencial nunha determinada sociedade a homes e mulleres denomínase:

- a) Sexo.
- b) Identidade Sexual.
- c) Orientación afectivo-sexual.
- d) Xénero.

32.- Segundo o establecido no artigo 60 da lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica fomentará o debate electoral sobre cuestións de xénero, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, a través do incremento nun:

- a) 5 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral.
- b) 10 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral.
- c) 20 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral.
- d) 15 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral.

33.- Segundo o establecido no artigo 168 da lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, sinala onde debe de publicarse a declaración de principios de tolerancia cero fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo para facilitar o acceso ao persoal empregado público:

- a) No Boletín Oficial do Estado (BOE).
- b) No Diario Oficial de Galicia (DOG).
- c) Na páxina web oficial da Xunta de Galicia e das demais entidades públicas que dispoñan dela.
- d) Nos taboleiros informativos das distintas entidades públicas.

34.- Segundo o establecido nos estatutos da Federación de Organismos ou entidades de Radio e Televisión Autonómicas (FORTA) sinala a resposta correcta:

- a) A Federación ten personalidade xurídica e carece de ánimo de lucro. Porén, poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins.
- b) A Federación ten personalidade xurídica e ten ánimo de lucro. Poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins.
- c) A Federación non ten personalidade xurídica e carece de ánimo de lucro. Poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins.
- d) A Federación non ten personalidade xurídica e ten de ánimo de lucro. Poderá realizar actividades de carácter mercantil derivadas da consecución dos seus fins se están autorizadas por Lei.

35.- Segundo o establecido nos estatutos da Federación de Organismos ou entidades de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) sinala a resposta correcta:

- a) A Federación, cuxo ámbito é unicamente o territorio das Comunidades Autónomas con medio público de televisión e radio propio, terá o seu domicilio en Madrid.
- b) A Federación, cuxo ámbito é todo o territorio español, terá o seu domicilio en Madrid.
- c) A Federación, cuxo ámbito é unicamente o territorio das Comunidades Autónomas con medio público de televisión e radio propio, terá o seu domicilio en Barcelona.
- d) A Federación, cuxo ámbito é todo o territorio español, terá o seu domicilio en Barcelona.

36.- Segundo o establecido nos estatutos da Federación de Organismos ou entidades de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) o exercicio económico:

- a) Iníciase o 1 de febreiro e remata o 31 de decembro de cada ano.
- b) Iníciase o 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro de cada ano.
- c) Iníciase o 15 de xaneiro e remata o 31 de decembro de cada ano.
- d) Iníciase o 1 de decembro e remata o 1 de decembro do ano seguinte.

37.- Segundo o establecido nos estatutos da Federación de Organismos ou entidades de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) o órgano executivo da Federación é:

- a) A Xunta Xeral.
- b) O Presidente.
- c) O Secretario Xeral.
- d) A Comisión Executiva.

38.- Que documento serve como base inmediata para elaborar o plan de traballo tras a análise do guión?

- a) O desglose de guión.
- b) O orzamento executivo.
- c) A orde diaria.
- d) O plan de posproducción.

39.- Que diferenza o plan de traballo da orde diaria?

- a) O plan organiza a produción por semanas; a orde diaria recolle só horarios e citacións.
- b) O plan fixa a estrutura técnica; a orde diaria dedícase exclusivamente á xestión dos actores e actrices.
- c) O plan establece a organización xeral da produción; a orde diaria concreta a execución dunha xornada.
- d) O plan de traballo é responsabilidade do equipo de realización; a orde diaria, da dirección de produción.

40.- No sistema habitual de desglose, cada páxina do guión literario adóitase dividir por partes. Cantas?

- a) 8
- b) 6
- c) 4
- d) 2

41.- Na xestión de proxectos audiovisuais, que fito marca o final da fase de preproducción e o inicio da fase de rodaxe ou gravación?

- a) O inicio da primeira xornada de gravación.
- b) A aprobación do primeiro desglose de guión.
- c) A sinatura do contrato de coprodución.
- d) O peche do orzamento consuntivo.

42.- Durante a fase de produción ou gravación, que debe facer o equipo de produción?

- a) Manter inalterada a planificación inicial e impedir calquera modificación da orde prevista durante a rodaxe.
- b) Coordinar a execución diaria, controlar tempos e recursos, resolver incidencias e axustar a planificación cando sexa necesario.
- c) Asumir as decisións artísticas e técnicas de cada departamento para garantir o cumprimento da orde diaria.
- d) Priorizar a continuidade da rodaxe e trasladar as desviacións económicas ao peche final.

43.- No plan de traballo, que significa que unha tarefa forme parte do camiño crítico?

- a) Que require máis recursos ou coordinación ca outras tarefas do mesmo departamento.
- b) Que ten un peso económico alto e debe controlarse desde dirección de produción.
- c) Que o seu atraso pode afectar a outras tarefas dependentes e desprazar o calendario global.
- d) Que pertence a unha fase especialmente sensible pola súa dificultade técnica ou loxística.

44.- Que debe facer produción se cambia a dispoñibilidade dunha localización esencial?

- a) Modificar unicamente a orde diaria máis próxima, sen revisar o resto da planificación.
- b) Revisar o plan de traballo, reagrupar escenas e coordinar de novo permisos, equipo, recursos e citacións.
- c) Dar prioridade ás escenas desa localización e desprazar as restantes a xornadas de reserva.
- d) Recalcular o calendario mantendo a estrutura xeral para evitar unha desviación económica.

45.- Segundo o establecido no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, a que termo se fai referencia cando falamos de toda expresión dunha obra que, co consentimento do autor, a faga accesible por primeira vez ao público en calquera forma:

- a) Divulgación.
- b) Publicación.
- c) Difusión.
- d) Edición.

46.- Segundo o establecido no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, sinala cal dos seguintes é obxecto de propiedade intelectual:

- a) As traducións e adaptacións.
- b) Os arranxos musicais.
- c) As revisións, actualizacións e anotacións.
- d) Todos os anteriores son obxecto de propiedade intelectual.

47.- Segundo o establecido no artigo 120 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, que se entende por produtor dunha gravación audiovisual:

- a) Só a persoa natural que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade da dita gravación audiovisual.
- b) Só a persoa xurídica que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade da dita gravación audiovisual.
- c) A persoa natural ou xurídica que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade da dita gravación audiovisual.
- d) A persoa natural ou xurídica que teña a iniciativa pero que non asuma a responsabilidade da dita gravación audiovisual.

48.- Segundo o establecido no artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, en relación co réxime das inscricións no Rexistro da Propiedade Intelectual sinala a resposta correcta:

- a) O Rexistrador poderá suspender pero non denegar a práctica dos asentos correspondentes.
- b) Presumirase, sen que poda existir proba en contrario, que os dereitos inscritos existen e pertencen ao seu titular na forma determinada no asento respectivo.
- c) O Rexistro será público, sen prexuízo das limitacións que poidan establecerse ao abeiro desta lei.
- d) Contra os acordos do Rexistrador poderán exercitarse ante a xurisdición social as accións correspondentes.

49.- Segundo o establecido no artigo 199 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, sinala a resposta correcta en relación co dereito moral dos autores:

- a) Recoñécese o dereito moral do autor, calquera que sexa a súa nacionalidade.
- b) Recoñécese o dereito moral do autor, só cando teña nacionalidade española ou a obra se producise en España.
- c) Recoñécese o dereito moral do autor, só cando teña nacionalidade dun país da Unión Europea ou a obra se producise nun dos ditos países.
- d) Non existe un dereito moral do autor que se protexa nesta regulación.

50.- Cal é a característica xurídica principal que define a modalidade de produción audiovisual por encargo?

- a) A entidade que realiza o encargo (canle ou plataforma) financia a obra e obtén os dereitos de explotación nos termos pactados.
- b) A produtora asume o 100% do risco comercial sen ter garantida a compra da obra.
- c) O financiamento realízase exclusivamente a través de subvencións públicas asociadas á produción de televisión.
- d) Os autores ceden de forma automática e perpetua os seus dereitos morais á produtora.

51.- Que implica a sinatura dun contrato de coprodución audiovisual entre varias empresas?

- a) A participación de varias empresas unicamente na execución técnica ou financeira, sen compartir a titularidade dos dereitos nin os riscos de explotación.
- b) A achega de recursos por varias empresas, con participación en dereitos, obrigas, riscos e explotación.
- c) A contratación dunha produtora para realizar unha obra destinada a unha televisión ou plataforma.
- d) A colaboración entre produtor principal e produtor delegado durante a produción executiva.

52.- No ámbito legal da produción, que obxectivo persegue o proceso de verificar e garantir a "cadea de dereitos"?

- a) Acreditar documentalmente as autorizacións, licenzas ou cesións necesarias desde os titulares orixinarios ou anteriores ata a produtora.
- b) Verificar que todo o persoal técnico e artístico estea de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social antes de comezar a rodaxe.
- c) Asegurar a cobertura económica ante posibles reclamacións de terceiros por danos materiais causados durante a execución da rodaxe.
- d) Xustificar os gastos executados perante as administracións públicas para obter o cobro das subvencións aprobadas.

53.- Para que serve un seguro de responsabilidade civil nunha produción audiovisual?

- a) Para cubrir perdas, roubos ou danos no equipamento técnico propio utilizado durante a rodaxe.
- b) Para cubrir cancelacións, interrupcións da produción ou atrasos no calendario.
- c) Para cubrir reclamacións de terceiros por danos persoais ou materiais causados pola actividade asegurada.
- d) Para substituír as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais (PRL).

54.- No programa Europa Creativa, cal é un dos obxectivos principais da liña MEDIA?

- a) Apoiar o desenvolvemento, distribución e promoción de obras cinematográficas e audiovisuais europeas, tendo en conta o contexto dixital actual.
- b) Apoiar exclusivamente a coprodución de videoxogos e produtos multimedia da UE.
- c) Aprobar a normativa europea que regula os dereitos de autor das obras audiovisuais na contorna dixital.
- d) Fixar as condicións laborais mínimas dos equipos artísticos audiovisuais europeos.

55.- Que ámbitos reforza ou actualiza a Directiva (UE) 2018/1808 sobre servizos de comunicación audiovisual?

- a) A fiscalidade das plataformas dixitais e das produtoras independentes dos Estados membros da UE.
- b) A duración máxima das obras europeas nos catálogos baixo demanda.
- c) A protección de menores, a promoción de obras europeas e a regulación dos servizos audiovisuais.
- d) A contratación obrigatoria de produtoras locais para contidos dixitais das plataformas de streaming.

56.- A Directiva (UE) 2019/770, sobre contidos e servizos dixitais, refírese principalmente a:

- a) A cesión de dereitos de autor nas obras audiovisuais para plataformas.
- b) Os contratos de subministración de contidos e servizos dixitais aos consumidores.
- c) A emisión lineal de programas informativos e deportivos na UE.
- d) A obriga de financiar produción europea por parte das televisións públicas.

57.- Segundo o artigo 3.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para os efectos desta lei, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social:

- a) Forman parte do sector público.
- b) Dentro do sector público terán a consideración de administración pública.
- c) Non terán a consideración de poderes adxudicadores.
- d) Están excluídas do ámbito de aplicación da lei.

58.- Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos menores definidos no punto primeiro do artigo 118 desa lei:

- a) Non poderán ter unha duración superior a dous anos.
- b) Non poderán ser obxecto de prórroga.
- c) Non poderán ter unha duración superior a un ano prorrogable por outro ano.
- d) Poderán ser obxecto de prórroga sempre e cando a súa duración total non exceda de dous anos.

59.- Segundo o artigo 36.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos que subscriban os poderes adxudicadores, con excepción dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición a que se refire o número 3 deste artigo:

- a) Perfecciónanse coa súa formalización.
- b) Perfecciónanse coa súa adxudicación.
- c) Perfecciónanse unha vez transcorrido o prazo de desistencia.
- d) Perfecciónanse de mutuo acordo entre as partes.

60.- Segundo o artigo 82.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a clasificación das empresas terá unha vixencia:

- a) Anual, sempre que o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.
- b) De dous anos, sempre que o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.
- c) De cinco anos, sempre que o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.
- d) Indefinida mentres o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.

61.- Segundo o artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para os efectos desta lei, por orzamento base de licitación entenderase:

- a) O límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.
- b) O gasto comprometido polo órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido.
- c) O gasto comprometido polo órgano de contratación, excluído o imposto sobre o valor engadido.
- d) O gasto comprometido polo poder adxudicador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

62.- Segundo o artigo 164.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nos procedementos restrinxidos relativos a contratos non suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar proposicións:

- a) Será de cinco días contados desde a data de envío da invitación.
- b) Será inferior a dez días contados desde a data de envío da invitación.
- c) Non será inferior a dez días contados desde a data de envío da invitación.
- d) Será de 15 días desde a publicación do anuncio de licitación.

63.- Desde o punto de vista operativo na produción de televisión, que diferenza estruturalmente a escaleta do guión literario?

- a) A escaleta ordena bloques, intervencións, recursos e duracións para a execución do programa; o guión literario desenvolve textos, diálogos ou contidos verbais.
- b) A escaleta recolle só indicacións técnicas de cámara e son; o guión literario determina a orde dos bloques.
- c) A escaleta elabórase despois da emisión; o guión literario aplícase só durante a emisión en directo.
- d) A escaleta non inclúe control de tempos; esa función corresponde exclusivamente ao guión técnico.

64.- Nun informativo diario, que función cumpre a escaleta?

- a) Ordenar noticias, vídeos, directos, bloques, duracións e transicións.
- b) Fixar a orde das pezas sen incluír duracións nin tempo total do programa.
- c) Definir o enfoque editorial de cada reportaxe antes da súa redacción.
- d) Desenvolver literalmente as entradiñas, colas e textos de todas as pezas.

65.- Nun programa magazine en directo, por que a escaleta debe admitir certa flexibilidade?

- a) Porque o magazine carece de estrutura previa e se improvisa na súa totalidade.
- b) Porque a orde de emisión adoita decidirse exclusivamente desde realización.
- c) Porque poden variar tempos, convidados, conexións ou temas de actualidade.
- d) Porque o guión substitúe a planificación cando hai cambios de última hora.

66.- Nun documental, que función pode ter a escaleta durante a fase de preparación?

- a) Pechar definitivamente todas as declaracións antes da gravación.
- b) Substituír o guión cando o documental se basea en entrevistas reais.
- c) Ordenar bloques temáticos, entrevistas, arquivo e progresión narrativa.
- d) Fixar só a orde das localizacións previstas no plan de rodaxe.

67.- Cal é unha característica propia do guión técnico?

- a) Ordena cronoloxicamente os bloques e fixa as duracións do programa.
- b) Recolle a intención narrativa sen concretar recursos audiovisuais.
- c) Inclúe indicacións de cámara, son, planos, transicións e recursos técnicos.
- d) Establece só a duración aproximada de cada parte do programa.

68.- Nun programa de televisión lineal en directo, que consecuencia técnica e de continuidade supón un desfase acumulado por unha mala temporización da escaleta?

- a) Desaxustes na entrada e saída de bloques, publicidade, conexións, directos ou pezas previstas na continuidade da emisión.
- b) A perda automática da sincronización técnica entre todas as cámaras e o xerador de sincronismos do control central.
- c) A imposibilidade de emitir calquera recurso gravado desde servidores ou sistemas de vídeo, tendo que acudir unicamente a fontes en directo.
- d) A modificación automática da orde de emisión desde o control central.

69.- Nun programa con actuacións musicais, vídeos e entrevistas, que información operativa debe reflectir cada fila da escaleta?

- a) A entrada, duración e saída previstas, a fonte ou recurso utilizado e a descrición do contido do bloque.
- b) O plan de citacións horarias do público e os datos de contacto dos representantes dos artistas.
- c) O desglose económico dos dereitos de propiedade intelectual das cancións empregadas, así como a súa orde de execución.
- d) O texto completo e literal que o presentador debe ler no autocue ou teleprompter.

70.- Desde o punto de vista da estrutura e da produción, que criterio conceptual diferencia o formato do xénero audiovisual?

- a) O xénero depende da duración; o formato, da plataforma.
- b) O xénero agrupa trazos de contido; o formato concreta unha estrutura repetible.
- c) O xénero define a produción; o formato define só a emisión.
- d) O xénero é comercial; o formato é exclusivamente narrativo.

71.- Nun informativo diario, que criterio xornalístico prevalece na ordenación dos contidos?

- a) A actualidade, a relevancia e a xerarquía informativa.
- b) A variedade visual, o ritmo e a continuidade de bloques.
- c) A duración das pezas, a dispoñibilidade de vídeos e a orde de chegada.
- d) A alternancia entre directos, colas, vídeos e entrevistas.

72.- Nunha serie de ficción, que función cumpre a biblia?

- a) Ordenar capítulos, secuencias, localizacións e personaxes principais.
- b) Detallar o orzamento e o plan de recursos técnicos de cada un dos capítulos da serie.
- c) Fixar tramas, diálogos, localizacións e planificación de rodaxe.
- d) Definir universo, personaxes, ton, regras narrativas e liñas de continuidade.

73.- Que elemento permite identificar un formato de entretemento como modelo reproducible?

- a) A presenza fixa de presentador, convidados e seccións recorrentes.
- b) Unha mecánica recoñecible, repetible e adaptable a distintas entregas.
- c) O uso obrigatorio de ritmo rápido, espectáculo e participación do público.
- d) A estrutura pechada por bloques, pausas, probas e momentos de tensión.

74.- Que esixencia condiciona especialmente a produción dunha retransmisión deportiva en directo?

- a) A repetición exacta da planificación prevista, sen cambios durante a emisión.
- b) A planificación previa combinada coa capacidade de resposta ante accións imprevisibles.
- c) A gravación previa das accións principais para garantir a continuidade do relato.
- d) A utilización exclusiva de cámaras fixas para manter a continuidade visual.

75.- Que característica distingue un contido web fronte ao modelo televisivo lineal tradicional?

- a) A súa programación nunha grella fixa cun horario único de emisión.
- b) A súa adaptación ao consumo baixo demanda, á interacción e á distribución multiplataforma.
- c) A súa organización obrigatoria en pezas breves sen continuidade entre elas.
- d) A súa distribución mediante unha única canle dixital cunha duración fixa.

76.- Cal é a condición estrutural indispensable para que un proxecto audiovisual sexa considerado estritamente transmedia?

- a) Que cada peza conserve a mesma estética visual e o mesmo público obxectivo nas diferentes plataformas.
- b) Que a mesma historia se distribúa íntegra en cada plataforma, sen achegas distintas entre medios que poidan dar lugar a confusión.
- c) Que a narración se expanda a través de múltiples plataformas, achegando cada unha contido específico e complementario ao universo narrativo global.
- d) Que todos os contidos se publiquen coa mesma duración e coa mesma orde narrativa, para facilitar a comprensión transmedia.

77.- Segundo a organización estándar do sector, cal é o criterio funcional que separa o equipo técnico do artístico?

- a) O técnico ocúpase dos medios de gravación e o artístico só da interpretación.
- b) O técnico desenvolve funcións operativas e especializadas; o artístico participa na creación, posta en escena ou interpretación.
- c) O técnico depende de produción e o artístico depende sempre de dirección.
- d) O técnico intervéñen na execución e o artístico só nas fases previas.

78.- Que responsabilidade é propia da dirección de produción?

- a) Planificar recursos, contratacións, calendario, loxística e control económico.
- b) Coordinar o traballo artístico entre dirección e intérpretes.
- c) Planificar a execución visual e sonora do proxecto.
- d) Organizar os equipos técnicos durante a toma ou gravación.

79.- Que función caracteriza o departamento de arte nunha produción audiovisual?

- a) Coordinar a estética visual desde a cámara e a iluminación.
- b) Deseñar e controlar decorados, ambientación, atrezzo e coherencia plástica.
- c) Supervisar vestuario, maquillaxe e interpretación dos personaxes.
- d) Resolver necesidades escénicas sen intervir na planificación visual.

80.- Que tarefa corresponde á dirección de fotografía?

- a) Deseñar decorados, atrezzo e ambientación en coordinación coa dirección artística.
- b) Fixar a planificación económica dos equipos de cámara, iluminación e grip.
- c) Construír a imaxe mediante luz, cámara, ópticas, exposición e tratamento visual.
- d) Dirixir a interpretación visual dos personaxes durante a gravación.

81.- Cal é a función principal do equipo de son directo?

- a) Garantir a continuidade sonora entre rodaxe e posprodución.
- b) Captar diálogos, ambientes e sons útiles durante a gravación.
- c) Deseñar o tratamento sonoro final desde a fase de rodaxe.
- d) Coordinar micrófonos, música, dobraxe e mestura final.

82.- Nun programa televisivo en directo, que función cumpre a rexedoría?

- a) Coordinar a relación entre produción, realización e invitados desde o control.
- b) Decidir desde o control a orde de emisión dos bloques e os tempos de cada sección.
- c) Transmitir no plató ordes, sinais, entradas, saídas e movementos previstos.
- d) Controlar a continuidade entre bloques, cámaras, grafismo e son.

83.- Que tarefa corresponde ao equipo de produción respecto dos equipos humanos?

- a) Establecer a organización artística e técnica de cada secuencia.
- b) Coordinar a execución creativa dos departamentos durante a gravación.
- c) Xestionar contratacións, citacións, disponibilidades, desprazamentos e necesidades loxísticas.
- d) Supervisar a asignación de funcións dentro de cámara, son, arte e iluminación.

84.- Na captación de imaxe, cales son os tres parámetros técnicos que conforman o triángulo de exposición?

- a) A relación entre óptica, sensor e profundidade de campo.
- b) A combinación entre diafragma, obturación e sensibilidade.
- c) A combinación entre contraste, saturación e temperatura de cor.
- d) A relación entre resolución, códec e velocidade de bits.

85.- Que efecto produce abrir o diafragma nunha cámara mantendo constantes os demais parámetros?

- a) Aumenta a entrada de luz e tamén a profundidade de campo.
- b) Reduce a entrada de luz e diminúe a profundidade de campo.
- c) Mantén a exposición, pero modifica a distancia focal aparente.
- d) Aumenta a entrada de luz e reduce a profundidade de campo.

86.- Para que serve o balance de brancos?

- a) Para corrixir a exposición cando a imaxe queda subexposta.
- b) Para axustar a reprodución da cor segundo a temperatura da luz.
- c) Para aumentar a saturación cando a imaxe queda demasiado fría.
- d) Para igualar automaticamente contraste, brillo e nitidez.

87.- No tratamento dixital de sinais de vídeo, cal é a función técnica do contedor fronte á do códec?

- a) O códec define o formato final; o contedor determina a calidade da compresión.
- b) O códec organiza pistas de vídeo e son; o contedor aplica a codificación.
- c) O códec codifica/descodifica ou comprime os datos; o contedor empaqueta pistas e metadatos.
- d) O códec úsase na gravación; o contedor só se emprega na exportación final.

88.- Que problema técnico pode provocar un nivel de son demasiado alto na gravación?

- a) Un aumento do ruído de fondo ao elevar a ganancia de entrada.
- b) Unha perda de presenza nos diálogos fronte ao ambiente.
- c) Un desaxuste entre o son directo e o código de tempo.
- d) A saturación ou distorsión do sinal por superar o nivel admisible.

89.- Nun fluxo de posproducción, que significa facer unha copia proxy?

- a) Crear unha copia final comprimida para distribución en plataformas.
- b) Xerar unha copia de seguridade coa mesma calidade do material orixinal.
- c) Converter todos os brutos nun único arquivo para facilitar o arquivo.
- d) Xerar arquivos máis lixeiros vinculados ao material orixinal para editar con fluidez.

90.- Que función cumpre o grafismo nun produto audiovisual?

- a) Decorar a imaxe sen achegar información relevante ao contido.
- b) Substituír información oral por rótulos cando falta material gravado.
- c) Corrixir erros de realización mediante textos, animacións ou efectos.
- d) Achegar identidade visual, información e apoio á comprensión.

91.- Nun estudo de televisión, que áreas de control están directamente asociadas á produción en plató?

- a) Control central, control de realización e control de enlaces.
- b) Control de realización, control de imaxe e iluminación e control de son.
- c) Control de realización, control de arquivo e control de documentación.
- d) Control de retransmisión, control de continuidade e control de emisión.

92.- Nun estudo de televisión, que función cumpren habitualmente as pantallas tipo BARCO ou videowall?

- a) Substituír o control de realización na selección das fontes de imaxe.
- b) Empregarse como monitores técnicos exclusivos para cámaras e CCU.
- c) Servir como soporte de visualización de alta calidade para escenografía, grafismo ou contidos integrados no plató.
- d) Actuar como sistema principal de navegación e distribución do sinal audiovisual.

93.- Nun estudo de televisión, que é un pantógrafo?

- a) Un mecanismo extensible de suspensión que permite posicionar proxectores de iluminación.
- b) Un sistema de raíles deslizantes para desprazar decorados en programas en directo.
- c) Un soporte de chan para fixar cámaras pesadas con pedestal hidráulico.
- d) Un accesorio óptico para modificar a apertura do obxectivo da cámara de estudo.

94.- Fronte a unha configuración monocámara, que permite especificamente un estudo multicámara?

- a) Gravar en varios sets independentes ao mesmo tempo.
- b) Realizar o programa en directo sen necesidade de control posterior.
- c) Captar simultaneamente distintos puntos de vista dunha mesma acción.
- d) Mellorar a coordinación entre realización, son, iluminación e rexedoría.

95.- Nun estudo virtual en tempo real con movemento de cámara, que permite integrar a imaxe captada con escenografías dixitais mantendo coherencia espacial?

- a) O uso dun croma key verde ou dunha pantalla como fondo de gravación.
- b) A superposición de gráficos sobre a imaxe, sen seguimento da posición da cámara.
- c) A sincronización entre cámara, tracking, iluminación e contorno dixital xerado en tempo real.
- d) A substitución do decorado físico por fondos xerados por ordenador (CGI).

96.- Dentro da dotación técnica dun estudo, que función operativa ten a CCU (Unidade de Control de Cámara)?

- a) Gravar o sinal independente de cada cámara en servidores de vídeo para a súa posterior montaxe.
- b) Controlar a distancia parámetros como o diafragma, o nivel de negro e a colorimetría para igualar os sinais das distintas cámaras.
- c) Mesturar as fontes de vídeo e xerar efectos dixitais antes de envialas ao control de emisión.
- d) Sincronizar os sinais de audio e vídeo para evitar desaxustes (lipsync) durante a emisión en directo.

97.- Que caracteriza un estudo polivalente?

- a) A súa utilización prioritaria para programas de continuidade e autopromoción.
- b) A súa especialización en retransmisións de múltiples deportes e eventos en directo.
- c) A presenza de público para poder adaptarse a moitos formatos.
- d) A súa capacidade para adaptarse a distintos formatos mediante cambios de decorado, iluminación e configuración técnica.

98.- Que función cumpre a localización nunha produción audiovisual?

- a) Integrar necesidades narrativas, técnicas, loxísticas, económicas e legais nun espazo viable para a gravación.
- b) Seleccionar espazos interiores adecuados á narrativa do proxecto e á planificación.
- c) Analizar espazos exteriores que poidan adaptarse ás necesidades de dirección, cámara e produción.
- d) Determinar os espazos dispoñibles para reducir custos de decorado e desprazamento.

99.- Que debe comprobarse nunha visita técnica de localización?

- a) Accesos, orientación da luz, ruído, espazo para equipo e o plan de montaxe da produción.
- b) Posibilidades visuais, necesidades de arte, conexión eléctrica e o casting do elenco.
- c) Adecuación narrativa, aparcamento, necesidades de cámara e o orzamento de marketing.
- d) Accesos, enerxía, son, luz, permisos, seguridade, espazo técnico e condicións de traballo.

100.- Que documentación é necesaria para poder gravar nun espazo de titularidade privada?

- a) Un permiso de rodaxe emitido pola Film Commission correspondente.
- b) Unha autorización asinada polo responsable da produción e incorporada á orde diaria.
- c) Un informe de localización validado por dirección, produción e dirección artística.
- d) Unha autorización ou contrato de cesión de uso asinado pola persoa titular do espazo.

101.- Nunha gravación en vía pública, que debe prever produción antes da rodaxe?

- a) Permisos municipais, ocupación de vía, cortes, reservas, seguridade, sinalización, taxas e posibles afeccións.
- b) A comunicación ao concello, o horario de traballo, as necesidades básicas de ocupación e o deseño do cartel promocional.
- c) A dispoñibilidade da localización, a presenza de público e a compatibilidade coa circulación de vehículos e semoventes.
- d) Autorizacións de imaxe, plan de transporte, espazo para cámaras e a corrección de cor que se fará na vía pública.

102.- Que papel habitual de apoio teñen as “film commissions” nas rodaxes en exteriores?

- a) Facilitar información, contactos, coordinación institucional e apoio para a rodaxe nun territorio.
- b) Xestionar directamente os permisos de rodaxe e garantir a dispoñibilidade das localizacións.
- c) Negociar e contratar directamente, en nome da produtora, os provedores e as localizacións da rodaxe.
- d) Outorgar os permisos administrativos e cobrar as taxas de rodaxe no territorio.

103.- Nun desprazamento internacional de persoas e material técnico, que documentación debe prever produción?

- a) Pasaportes, visados, seguros, billetes, reservas, contratos e storyboard definitivo.
- b) Permisos de rodaxe, documentación laboral, seguros, aloxamentos e plan de montaxe.
- c) Documentación persoal, permisos administrativos, plans de viaxe, certificados sanitarios, orzamento de marketing e pólizas de seguro.
- d) Pasaportes, visados se proceden, permisos de traballo ou rodaxe, seguros, transporte e documentación aduaneira do material.

104.- En España, quen emite o caderno ATA para o desprazamento temporal de material profesional ao estranxeiro?

- a) A Axencia Tributaria, a través da aduana de saída.
- b) O Ministerio de Asuntos Exteriores.
- c) O ICAA.
- d) A Cámara de Comercio correspondente.

105.- Quen se encarga de recibir, comprobar, encamiñar e distribuír sinais entre produción, emisión, continuidade e destinos técnicos?

- a) O control central.
- b) O control de unidade de cámara (CCU).
- c) O control de continuidade.
- d) O centro emisor.

106.- Cal é a función principal do control de continuidade nunha emisión televisiva?

- a) Preparar a orde técnica dos sinais que deben chegar ao control central.
- b) Recibir, comprobar e encamiñar cara aos destinos técnicos os sinais que chegan de exteriores.
- c) Supervisar a emisión final para garantir que hai raccord entre os programas.
- d) Garantir a emisión ordenada e sen interrupcións dos contidos previstos na pauta.

107.- Que é un retorno nunha produción televisiva?

- a) Un sinal que mostra en continuidade o programa emitido en TV por cable.
- b) Unha referencia técnica que permite sincronizar sinais de distintas fontes.
- c) Un sinal enviado ao equipo ou a unha localización para seguir un programa, emisión ou referencias.
- d) Unha vía de comunicación interna entre control central, realización e exteriores.

108.- No fluxo dun control central, cal é a diferenza técnica e operativa entre a distribución e a emisión do sinal?

- a) A distribución pon o contido en antena e a emisión límitase a organizar os destinos técnicos internos.
- b) A emisión pon o contido en antena ou servizo; a distribución leva o sinal aos puntos previstos.
- c) A emisión depende da continuidade; a distribución depende da infraestrutura técnica.
- d) A emisión encárgase exclusivamente de sinais analóxicos; a distribución xestiona o contorno dixital e IP.

109.- Para que serve a sincronización de sinais nun contorno televisivo?

- a) Para asegurar que todos os sinais entran ao control central coa mesma calidade.
- b) Reducir o peso dos arquivos antes de almacenalos no servidor de emisión.
- c) Para garantir que a emisión manteña unha cadencia estable durante toda a programación.
- d) Para alinear temporalmente sinais de distintas fontes e evitar desaxustes en conmutacións, imaxe e son.

110.- Que caracteriza un sinal "clean feed" nunha distribución audiovisual?

- a) É o sinal principal de programa enviado a continuidade para a súa emisión final.
- b) É un sinal de programa sen compresión adicional para preservar a calidade técnica.
- c) É un sinal auxiliar destinado a retorno, supervisión técnica ou coordinación interna.
- d) É un sinal de programa sen determinados elementos engadidos, como grafismos ou rótulos.

111.- Nunha emisión en directo, por que é importante contar con redundancia no transporte do sinal?

- a) Para dispoñer de máis dunha versión do programa segundo o destino de emisión.
- b) Para reducir a carga técnica do control central durante conexións exteriores.
- c) Para mellorar a calidade final cando o sinal principal chega comprimido.
- d) Para manter a continuidade do servizo se falla a vía principal de transmisión.

112.- Que orzamento reflicte o custo real da produción?

- a) O orzamento executado.
- b) O orzamento previo.
- c) O orzamento definitivo ou de traballo.
- d) O orzamento de explotación.

113.- Cal é a finalidade contable e operativa principal de dividir o orzamento en capítulos e partidas?

- a) Separar gastos artísticos, técnicos, administrativos e de explotación comercial.
- b) Coñecer o peso económico de cada fase e facilitar a revisión do custo total.
- c) Clasificar os custos por conceptos, controlar desviacións e imputar correctamente os gastos.
- d) Comparar os custos previstos cos gastos xa facturados en cada departamento.

114.- Que consecuencia pode ter unha estimación insuficiente no orzamento previo?

- a) Obrigar a ampliar o número de localizacións e a duración da rodaxe.
- b) A elaboración automática dun novo orzamento executado antes da rodaxe.
- c) Provocar desviacións, falta de liquidez, recortes ou dificultades para rematar a produción.
- d) A redución inmediata dos custos reais por axuste das contratacións.

115.- Como se chama o proceso de xustificación, revisión e compensación de gastos realizados por conta da produción?

- a) A liquidación de gastos.
- b) A provisión de fondos.
- c) O asento de amortización.
- d) A conciliación bancaria.

116.- Que documento se emprega habitualmente para liquidar un anticipo de produción xa utilizado?

- a) Un resumo de custos autorizado pola dirección de produción e acompañado de tickets de compra.
- b) Unha folla de liquidación con conceptos, importes, xustificantes e saldo resultante.
- c) Unha relación de pagamentos imputados á partida correspondente do orzamento previo.
- d) Un informe de tesourería cos gastos realizados, os anticipos entregados e as devolucións.

117.- A UER (Unión Europea de Radiodifusión) é a maior alianza mundial de medios de comunicación de servizo público, onde ten a súa sé central?:

- a) Londres.
- b) Xenebra.
- c) París.
- d) Berlín.

118.- Como se denomina o organismo especializado das Nacións Unidas para as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC):

- a) OIRT (Organización Internacional de Radio e Televisión).
- b) Observatorio Audiovisual Europeo.
- c) UTECA (Unión de Televisións Comerciais Asociadas).
- d) UIT (Unión Internacional de Telecomunicacións).

119.- Cal é unha das misións do Observatorio Audiovisual Europeo?:

- a) Agrupar aos/ás xornalistas do mundo mediante sindicatos independentes.
- b) Representar os intereses comúns das televisións comerciais europeas.
- c) Promocionar a transparencia da información na industria audiovisual europea.
- d) Outorgar subvencións ás televisións privada no espazo europeo.

120.- Como se denomina a entidade sen ánimo de lucro que agrupa a profesionais da divulgación, o periodismo e a cultura científica, co obxecto de promover a presenza da ciencia, a tecnoloxía e o medio ambiente nos medios de comunicación?:

- a) Asociación Española de Comunicación Medioambiental.
- b) Asociación Española de Comunicación Científica.
- c) Asociación Española para a Ciencia nos Medios de Comunicación.
- d) Asociación Española para a Información e Divulgación da Ciencia.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1. Segundo o artigo 29 da Constitución española, terán o dereito de petición individual e colectiva:

- a) Todos os españois, por escrito, na forma e cos efectos que se determinen regulamentariamente.
- b) Todos os españois, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
- c) Todos os españois, oralmente ou por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
- d) Todos os españois, oralmente ou por escrito, na forma e cos efectos que se determinen regulamentariamente.

R2.- Segundo o establecido no artigo 18 da lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia desfruta de:

- a) Autonomía na súa xestión e actúa con dependencia funcional respecto do Parlamento de Galicia e as institucións estatutarias.
- b) Autonomía na súa xestión e actúa con dependencia funcional respecto da FORTA no que atinxe ao contido audiovisual informativo.
- c) Autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Consello da Xunta de Galicia e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Autonomía na súa xestión e actúa con dependencia funcional respecto do Consello da Xunta de Galicia e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

R3.- Segundo o establecido no artigo 91 do Convenio Colectivo da Corporación, que tipo de falta é a negligencia e o descoido no cumprimento do traballo?:

- a) Leve.
- b) Grave.
- c) Moi grave.
- d) Non é unha conduta sancionable.

R4.- Cal é a principal característica técnica e de uso dun micrófono de patrón polar supercardioide nunha gravación audiovisual?

- a) A súa maior direccionalidade permite priorizar a voz situada no eixe e reducir a captación de sons laterais.
- b) A súa resposta omnidireccional permite captar por igual todas as fontes sonoras do espazo.
- c) O seu uso evita a necesidade de controlar niveis de entrada durante a gravación.
- d) Converte o sinal analóxico en dixital de forma autónoma sen necesidade de pasar por un gravador, cámara ou mesa de mesturas.

R5.- Cal é o obxectivo operativo prioritario de aplicar un sistema de control económico continuo durante a rodaxe?

- a) Actualizar o orzamento previo segundo avanza a contratación e a facturación.
- b) Arquivar as facturas e preparar a documentación para a auditoría final.
- c) Comparar previsións e gastos reais antes de elaborar o orzamento executado.
- d) Seguir a evolución do gasto, detectar desviacións e tomar decisións antes de comprometer o proxecto.